

FOLLA RESUMO DA PROGRAMACIÓN

DEP. DE LINGUA GALEGA IES X. FERRO COUSELO - CURSO 2023/24

- **MATERIA:** SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA- PORTUGUÉS
- **CURSO:** 1º ESO
- **PROFESORA:** CARME PÉREZ GONZÁLEZ
- **LIBRO DE TEXTO:** *Na crista da onda 1. Ed. Lidel*

VINCULACIÓN TEMPORALIZACIÓN/ CONTIDOS	SABERES MINIMOS ESIXIBLES	INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN
<p>1ª avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Vamos aprender portugués. • Novos amigos! <p>Realizaranse Probas escritas e orais mínimo 2 por trimestre.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica, así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula. • Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes dun texto con preguntas sinxelas. • Comprender o esencial en descrições, narracións, instrucións moi elementais sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible. • Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. • Redactar textos curtos moi elementais de xeito intelixible, aínda que se cometan erros. • Completar cun grao de corrección suficiente formularios e documentos moi elementais nos que se solicite de maneira evidente información persoal moi básica. • Ter consciencia de algunhas estratexias básicas e aplicarlas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula. • Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia. • Facerse entender o maior número de veces que participa en situacións interactivas moi breves e simples. • Interactuar suficientemente. Pedirrepeticións sempre que o precise. • Comprender e dar a comprender información moi sinxela e básica (nome, idade, etc.). • Amosar de xeito xeral esa actitude de respecto. 	<p>1ª, 2ª e 3ª AVALIACIÓN</p> <p>Táboas de indicadores e probas escritas:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Comprensión oral: 20 % da nota total da avaliación. 2. Comprensión escrita: 20 % da nota total. 3. Expresión oral: 30 % da nota total. 4. Expresión escrita: 25 % da nota total. 5. Coñecemento e consciencia intercultural e plurilingüe: 5 % da nota total.
<p>setembro/décembro</p> <p>2ª avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A familia. • Tenho amigos em todo o mundo. <p>Realizaranse Probas escritas e orais mínimo 2 por trimestre.</p> <p>xaneiro/marzo</p>		<p>AVALIACIÓN ORDINARIA</p> <p>A nota da avaliación ordinaria será a o resultado da suma ponderada das probas segundo as porcentaxes arriba establecidas. Se esta nota é igual ou superior a 5 o alumno estará aprobado na materia.</p> <p>PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN:</p> <p>Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra e o peso da terceira aumenta xa serve de recuperación.</p> <p>Con todo, o alumnado que non obteña un 5 sobre 10 no cálculo da cualificación da avaliación ordinaria, aplicaranse medidas de reforzo e deberá realizar unha proba das destrezas nas que non acade o grao mínimo de 5. As cualificacións das</p>

3ª avaliación:

- Estou feliz!

Realizaranse
**Probas escritas e orais
mínimo 2 por trimestre.**

abril/xuño

- Transmitir a terceiras persoas información moi simple e previsible de xeito eficaz.
- Ter consciencia das estratexias traballadas e aplicarlas na súa maioría facendo uso dos recursos oportunos.
- Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas, polo menos as básicas e evidentes (léxico, fonética, estruturas morfosintácticas e gramaticais básicas).
- Facer unha autoavaliación dos seus progresos de maneira aproximada á realidade e ser quen de aplicar algunhas das estratexias traballadas para mellorar a súa competencia comunicativa.
- Identificar de forma satisfactoria a maioría dos progresos e dificultades a aprendizaxe.
- Aplicar e compartir novas estratexias de logro.
- Expresar de xeito comprensible e co grao de corrección adaptado ao seu nivel o proceso de produción de textos e de inferencia de significados.
- Recoñecer estereotipos e rexeitar os discriminatorios e prexuzos.
- Amosar respecto cara a diversidade lingüística, cultural e artística e mostrar interese por comprendelas.
- Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
- Utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.

destrezas superadas conservaranse e sumaranse ás notas obtidas na recuperación atendendo as porcentaxes establecidas.

No caso de non ter superada ningunha destreza terá unha **proba de recuperación final** sobre todos os contidos da materia e a nota desta terá un **peso do 100%**.

AVALIACIÓN FINAL

1) A **nota final** vai ser unha **media ponderada** das tres avaliacións. A primeira avaliación terá un peso do **30%**, a 2ª avaliación tamén do **30%** e a 3ª avaliación do **40%**.

2) Un alumno que tivese que ir á recuperación **SÓ** dalgunha destreza será esa nota a que compute nas sumas ponderadas para o cálculo da nota final da materia.

3) No caso dun alumno que vaia a unha recuperación de toda a materia a nota que saque nesa proba será a que **representará o 100% da nota final**.

Para acadar unha avaliación positiva o alumnado deberá obter unha cualificación de **5**.

NOTA: O uso de calquera caste de **medio fraudulento** na realización de probas, actividades, exposicións, etc. implicará a obtención automática dun cero (0) como cualificación nesa proba.